

**M***adrygal. Revista de Estudios Gallegos* da Universidad Complutense de Madrid, xorde co propósito de contribuír á consolidación, desenvolvemento e difusión da Cultura Galega.

No noso estado español, plurilingüe e plurinacional, a universidade quere, desde fóra de Galicia, incentivar unha política lingüística, educativa e cultural mediante esta publicación de estudio e divulgación. Administrativa e cientificamente esta revista nace con dimensión Románica e, polo seu contido máis específico, vinculada á área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Ó departamento de Filoloxía Románica (hoxe conxunturalmente, de Filoloxías Románica e Eslava) están adscritas o ensino e a investigación das linguas iberorrománicas (galego, catalán, vasco e portugués) tendo este competencia para estudar interrelacións entre os sistemas culturais dos territorios onde se falan estas linguas ou os casos en que non hai coherencia absoluta entre lingua e fronteira.

Mediante a fundación e a futura continuidade desta revista galeguista –na súa acepción de interesado polo galego– queremos que Madrid, Galicia, o resto de España e lugares máis alá das nosas fronteiras –especialmente as comunidades galegas espalladas polo mundo– poidan contar cun espacio de expresión, reflexión, diálogo e información.

Desde Madrid, sentimos, en liñas xerais, acabadas a normalización e a normativización lingüística do galego e consensuada a sistematización culta do sistema comunicativo na comunidade de Galicia; por iso, desde fóra do seu territorio natural, pareceunos que *os tempos son chegados*, de dar a coñecer, desenvolver e impulsar, a lingua e os trazos culturais compartidos por aqueles que forman a hoxe Comunidade Autónoma de Galicia. Fóra de Galicia queda moito traballo por facer na área da Filoloxía Galega. Desde fortalece-lo ensino facendo que nos planos de estudio haxa máis carga lectiva nas titulacións e nos programas de doutorado, ata impulsar centros de fructífera investigación, centros de formación de profesores e actividades que difundan a cultura galega. Aínda sendo consciente das dificultades coas que se vai atopar, a Universidade Complutense está comprometida no fomento da lingua e cultura galegas e unha proba diso é a publicación desta revista.

As letras iniciais de Madrid (Madr) e (y) Galicia (Gal) dan nome a esta revista de periodicidade anual, con colaboracións en galego e en español. Sen perde-la perspectiva universitaria e o rigor, non nace como revista excesivamente formal; cada volume conterà, ó lado do usual neste tipo de publicacións: artigos, notas, traducións, reseñas de libros, unha sección de creación e de actualidade baixo o epígrafe de crónica e entrevista. *Madrygal*, que abre as súas portas e convida a entrar ó creador, ó crítico e ó investigador, agroma cunha filosofía de máxima apertura sen negarse a ningún enfoque.

As diversas voces que se escoitarán serán basicamente as referidas á lingua e literatura, cos seus avances en lingüística e crítica literaria, pero a nosa aportación ó espacio de revistas galegas é a perspectiva filolóxica –cultural e global– e como tal, non exclúe a voz de filósofos, psicólogos, pedagogos, sociólogos, folcloristas, etc.

As colaboracións editadas resultan, fundamentalmente, dun lado, de actividades desempeñadas por alumnos e profesores da licenciatura de Románicas e doutro da contribución de investigadores que actúan en institucións universitarias de prestixio. Coa axuda de tódolos colaboradores presentes e futuros, confiamos en que esta aventura que iniciamos sexa un paso máis no Camiño.

O noso desexo está próximo ó de Castelao cando á espléndida caricatura do álbum *Nós*, que escollemos como portada da revista, engade o texto «*Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata. O que pense que vai mal que traballe n'ela; hay sitio para todos*».

M.<sup>a</sup> JOSEFA POSTIGO ALDEAMIL